



Miguel Ángel Delgado Gonzalez  
director@xornalgalicianorte.com

## NOTIFICACIÓN : ACORDO DO 5 DE NOVEMBRO DE 2018

O 5 de novembro de 2018, adoptouse o seguinte acordo :

“Vista a documentación remitida pola secretaria xeral de Medios, o 2 de novembro de 2018, en relación á solicitude de recusación formulada por Miguel Delgado González, emítase a presente proposta en base a os seguintes

FEITOS:

Primeiro. O 10 de outubro de 2018, Miguel Ángel Delgado González presenta escrito con número de rexistro de entrada 2018/2541424 solicitando a recusación de María del Mar Sánchez Sierra, secretaria xeral de Medios, en todos os expedientes relacionados con PLADESEMPEGA e Miguel Ángel Delgado González, aludindo a unha serie causas xudiciais abertas que se levan no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº11 de A Coruña (Conciliación X53 Conciliación 0000797/2018 e Conciliación X53 Conciliación 0000798/2018).

Segundo. O 19 de outubro de 2018, Miguel Ángel Delgado González presenta no rexistro electrónico (PR004A con núm. de entrada 2018/2603757), un novo escrito “ampliando e concretando” a recusación ás 17 actuacións seguintes:

- “1.-Axudas a empresas que realicen publicacións escritas integramente en galego.
- 2.- Axudas económicas destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.
- 3.- Axudas a empresas que realicen publicacións escritas integramente en galego.
- 4.- Axudas económicas destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.
- 5.- Axudas económicas destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión 2015.
- 6.- Axudas a empresas que realicen publicacións escritas integramente en galego.
- 7.- Subvencións dirixidas a familias para a adquisición de equipamentos de TDT mediante recepción satelital.
- 8.- Axudas a empresas que realicen publicacións escritas integramente en galego.
- 9.- Entrega de equipamento para a recepción das canles da TDT.
- 10.- Da xestión das competencias do Goberno galego en materia de medios de comunicación social e das tarefas de publicidade.
- 11.- Da promoción das relacións cos medios informativos e a dirección e coordinación dos diferentes gabinetes de comunicación da Xunta de Galicia e da súa Presidencia coas que este baixo procedementos administrativos, Miguel delgado, Pladesemapesga e seus medios de comunicación.
- 12.- Da divulgación e acción institucional da Xunta de Galicia; planificada baixo fondos públicos destinados a política de imaxe e publicidade institucional do Goberno galego.





13.- Da coordinación o seguimento relativo ás normas sobre a identificación corporativa da Xunta na que teñan implicacións os medios de comunicación galegos dos seus estudos sobre materias relativas a todos os sectores da información e a medios de comunicación en xeral.

14.- De todos os expedientes nos que deba intervir na Dirección Xeral de Comunicación, e nas Subdireccións Xeral de Réxime Xurídico e Xestión de Medios Audiovisuais

15.- Da Subdirección Xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia, o Gabinete de Comunicación e o Gabinete de Estudo dos Recursos de Comunicación.

16.- Das campañas publicitarias, convenios e promocións da Xunta de Galicia.

17.- Da entidade pública AMTEGA e Consello re Administración do Porto de A Coruña”.

Terceiro. María del Mar Sánchez Sierra, Secretaria Xeral de Medios, o 2 de novembro de 2018, deu traslado dos referidos escritos, de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, comunicando, así mesmo, aos efectos establecidos no artigo 23 da mesma, dada a existencia de causas xudiciais abertas, e co fin de evitar calquera recelo ou dúbida acerca da obxectividade e imparcialidade do órgano administrativo, a súa vontade de absterse de intervir en calquera procedemento administrativo ou actuación, presentes ou futuros, en que interveña directamente Miguel Ángel Delgado González ou a Asociación PLADESEMAPESGA.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. A competencia ven determinada polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en relación co artigo 1 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Xunta de Galicia.

Segundo. Tal e como ven recollendo a reiterada xurisprudencia, os motivos de abstención e recusación deben ser obxecto dunha interpretación restritiva, non admitindo interpretacións extensivas (STC 60/2008, do 26 de maio, STS 2 de xullo de 2012, ATS do 7 de febreiro de 2018, entre outras).

Terceiro. Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos indicados no fundamento primeiro da presente proposta, a recusación debe estar referida, exclusivamente, á intervención en procedementos administrativos e non a calquera tipo de actuación administrativa.

Neste sentido, cómpre sinalar que, se ben a recusación pode promoverse en calquera momento, a xurisprudencia ten subliñado a necesidade de que exista un procedemento; e, igualmente, exige que estea promovida polos interesados no mesmo (STS 21 de febreiro de 1998).

Cuarto. Dado que a finalidade da técnica da abstención e recusación non é so obter a imparcialidade e neutralidade dos órganos administrativos na súa actuación, senón evitar calquera “aparencia” de parcialidade, considérase axeitado proceder á substitución da secretaria xeral de Medios naqueles procedementos nos que se dea a condición de interesado de Miguel Ángel Delgado González ou da Asociación PLADESEMAPESGA, namentres subsista a circunstancia de ter cuestión litixiosas pendentes

De acordo co indicado,

Proponse:





1. Acordar a substitución de María del Mar Sánchez Sierra, Secretaria Xeral de Medios en calquera procedemento administrativo, presente ou futuro, no que sexa interesado Miguel Ángel Delgado González ou a Asociación PLADESEMAPESGA, namentres subsista tal circunstancia de ter cuestión litixiosas pendentes con eles, polo subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.

2. Contra o presente acordo non cabe recurso ningún.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018. O subdirector xeral de Réxime Xurídico. José Ramón Pardo Cabarcos.

Conforme coa proposta Acordo.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018. Alfoso Rueda Valenzuela. Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas.”

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela  
A xefa do Servizo Técnico Xurídico

Ángeles Lestón Mayo

